

A TRAXEDIA DE PETERLOO

Mike Leigh, 2018

527

ESTREA EN NUMAX: 17.05.2019 | V.O.S.E. | +12

Peterloo (2018, 154')

Dirección: Mike Leigh

Guión: Mike Leigh

Elenco: Rory Kinnear, Maxine Peake, David Bamber, Marion Bailey, Kieran O'Brien, Adam Long, Tim McInnerny, Leo Bill, Nico Mirallegro, Teresa Mahoney, Karl Johnson

Son: Lee Herrick

Montaxe: Jon Gregory

Dirección de arte: Jane Brodie, Dan Taylor

Vestuario: Jacqueline Durran

Música: Gary Yershon

Fotografía: Dick Pope

Produtoras: BFI Film Fund, Film4, Thin Man Films (Reino Unido - Estados Unidos)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Sección Oficial),
British Independent Film Awards (4
Nominacións)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Mr. Turner, 2014

Another Year, 2010

Happy: Un cuento sobre la felicidad, 2008

El secreto de Vera Drake, 2004

Todo o nada, 2002

Secretos y mentiras, 1996

Indefenso (Naked), 1993

SINOPSE

A historia da masacre de Peterloo de 1819, durante a cal as autoridades británicas atacaron os manifestantes dunha protesta pacífica en Manchester.

«Converte cada secuencia nunha imponente, enérxica e desconsolada declaración de principios»

Luis Martínez, EL MUNDO



A TRAXEDIA DE PETERLOO

Mike Leigh, 2018

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Traballo sobre a idea de que os espectadores son tan intelixentes coma min, ou máis”

Entrevista con Mike Leigh
Por Nicolas Rapold

Un dos desafíos ao realizar *A traxedia de Peterloo* debeu ser a filmación das escenas con multitudes. Como foi a estratexia para as secuencias da protesta? Obviamente hai unha serie de convencións establecidas sobre como filmar esta caste de escenas pero, tal e como eu traballo, independentemente do contido, procuro xerar a acción e logo pensar como gravala no propio momento. Nunca empreguei storyboards nin nada polo estilo. Sitúome na escena e tomo decisións no momento, dun xeito orgánico. Gústame ter a liberdade de explorar a acción, na compañía do meu director de fotografía Dick Pope.

Onde se gravaron estas secuencias? Nun sitio chamado Tilbury Docks, no sur de Inglaterra. É famoso pola chegada de inmigrantes. O forte foi construído por Henrique VIII para se defender dos católicos, e logo foi ampliado por Carlos II. Ten unhas dimensións similares ás do espazo no que tiveron lugar os feitos narrados, pero non garda ningunha relación histórica pois todo sucedeu no centro de Manchester.

Preguntábache polas escenas multitudinarias porque moito do que o filme captura é o proceso de democratización sobre o terreo. Un dos elementos principais, a nivel temático, dramático, narrativo e histórico, é saber que sucedeu na corte cos maxistrados. O filme é unha dramatización aproximada do que fixeron. Algúns personaxes deseñeinos a partir de persoas do presente e outros son inventados, pero o que importa son as implicacións políticas do proceso.

Suponse que os maxistrados son funcionarios, pero semellan comportarse segundo as regras da mafia. Totalmente, e o seu poder era aboluta. Manchester era un na altura un lugar moi afastado onde había protestas que cumpría conter. Nunca ían alí para tentar comprender como era a vida da xente e esa actitude ten implicacións políticas nos nosos tempos. Moitos destes maxistrados pertencían ao clero e actuaban tanto na corte coma no púlpito. Era xente á que lles gustaba ser escoitada e a igrexa tiña moita influencia sobre a xente.

O filme reflexiona sobre o poder da linguaxe, e non só o que exercen os maxistrados no xuízo, senón as proclamas políticas que nos mostran a democracia en acción. De que maneira dipuxeches os speeches ao longo da narración e como evolúen no filme? Un problema inherente a un filme deste estilo era como explicar cuestións políticas dunha maneira dixeríbel para o público. Ao comezo pensaba que os longos parlamentos poderían facerse aburridos, pero unha vez superei ese medo todo

avanzou só. O importante é entender de que están a falar os personaxes e coñecer as implicacións persoais e políticas do que din. Fomos moi estritos á hora de empregar o material orixinal, editalo, tentar que funcionase para cada personaxe, evitar as repeticións, etc. O que non ten sentido é construír un filme sobre a idea de que a intelixencia do espectador é inferior á túa. Sempre traballo sobre o suposto de que os meus espectadores son tan intelixentes coma min, ou máis. Ademais, o espectador non ten que enfrontarse a unha noción mol e abstracta do que é un *speech*, senón que ve a personaxes dicindo cousas. É importante tamén levar a cabo unha gradación dos personaxes e analzalos en distintos niveis. Temos os mozos máis radicais que foron os primeiros en seren reprimidos e separados do resto. Logo temos a clase media que son radicais moderados. E xente como Henry Hunt, que basicamente facía publicidade de si mesmo.

El era unha celebridade naquel momento. Totalmente. El defendeu a causa e tentou sempre actuar en consecuencia ás súas palabras. Subo ademais conducir enormes grupos de xente. Tamén estaba profundamente namorado de si mesmo e era moi arrogante. Foi inmensamente popular e familiar entre o pobo.

E adoitaba dicir as palabras axeitadas. A pregunta é que pasaría se non fose así. Si, totalmente, aproxímase a unha forma de demagogia.

Publicado en www.filmcomment.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Mr. Turner, Mike Leigh. Cameo [DVD]
Naked (Indefenso), Mike Leigh. Cameo [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax

